

Comunicado nº 065/16
25 de abril de 2016

AMPLIACIÓN REGULAMENTO TECNICO DOS VEHÍCULOS GT/RALLYE (G-GALICIA) PARA A TEMPADA 2016 E VINDEIRAS.

En cumprimento do punto 11.16 (Páxina 38 do Anuario da Federación Galega de Automobilismo 2016) no referente ó Grupo/Brida/Pesos ("G" según medida e especificación da Copa ou Trofeo do que procedan), a Comisión Técnica da F.G. de A., acorda implantar as seguintes medidas para os Campionatos de Galicia de Rallyes e Montaña:

1.- De estricta serie, exceptuando as seguintes modificacións:

Os motores deberán estar equipados cunha brida fixada ao sistema de admisión nas seguintes condicións:

- Se o motor é sobrealimentado, a brida deberá estar fixada á carcasa do compresor.

- Se o motor é atmosférico, a brida deberá estar fixada augas arriba da bolboreta de admisión.

Todo o aire necesario para a alimentación do motor debe pasar a través desta brida, que deberá respectar o seguinte:

O peso mínimo en baleiro e a brida restrictora do aire de admisión establécense en base á táboa seguinte:

TABOEA DE PESOS- BRIDAS DOS VEHÍCULOS GT/RALLYE (G-GALICIA)				
VEHÍCULO	Nº HOMOLOGACIÓN	PESO EN VACIO (Kg.)	PESO CON EQUIPO (Kg.)	BRIDA ADMISIÓN (mm)
Nissan 350Z	GT-R-01	1250	1410	---
Porsche 997 GT3 Cup Rallye	GT-R-02	1230	1390	---
Ferrari 360 Rallye	GT-R-03	1200	1360	---
Porsche 997 GT3 Cup Rallye 2008	GT-R-04	1250	1410	40,8
Lotus Exige GT Rallye	GT-R-07	870	1030	---
Lotus Exige 240 R	GT-R-08	870 </td <td>1030</td> <td>---</td>	1030	---
Lotus Exige Cup 260	GT-R-09	870	1030	---
Porsche 997 GT3 Cup Rallye 2010	GT-R-10	1280	1440	41,2

A táboa de pesos-bridas poderá sufrir variacións ao longo da tempada previo estudo e aprobación da R.F.E. de A., co único obxectivo de equilibrar as prestacións, e coa aceptación expresa, ou non, da Comisión Técnica da Federación Galega de Automobilismo.

Para motores sobrealimentados, este diámetro debe manterse sobre unha lonxitude mínima de 3 mm medido augas abaixo dun plano perpendicular ao eixo de rotación situado a un máximo de 50 mm augas arriba dun plano que pase polos extremos máis augas arriba dos álabes da roda (ver ilustración 1).

Para motores atmosféricos, este diámetro debe manterse sobre unha lonxitude mínima de 3 mm medido augas abaixo dun plano perpendicular ao eixo de rotación situado a un máximo de 160 mm augas arriba dun plano paralelo ao anterior e que conteña ao eixo da bolboreta de admisión (ver ilustración 2).

Este diámetro debe respectarse independentemente das condicións de temperatura.

O diámetro exterior da brida a nivel do pescozo, debe ser inferior a (d)+6 mm, e debe manterse sobre unha lonxitude de 5 mm a cada lado deste.




Ilustración 1

2.- A montaxe da brida debe facerse de tal maneira que sexa necesario retirar completamente dous parafusos para poder desacoplar a brida.

A ancoraxe por parafusos de punzón non está autorizado.

Para motores sobrealimentados, permítese retirar e engadir material na carcasa do compresor, co único propósito de fixar a brida sobre dita carcasa.

Para motores atmosféricos, permítese fixar a brida ao conducto da bolboreta de admisión de forma radial ou axial, nese caso poderanse usar os orificios do propio conducto da bolboreta e adaptando a brida para iso no seu contorno exterior.

As cabezas dos parafusos de fixación deben taladrarse para que poidan ser precintadas.

A brida debe estar feita dun único material e só pode taladrarse co fin de instalala e precintala, que debe poder facerse da seguinte forma:

- Para motores sobrealimentados, entre os parafusos de fixación, entre a brida (ou a fixación brida/carcasa do compresor), a carcasa do compresor (ou a fixación carcasa/placa de peche) e a carcasa da turbina (ou a fixación carcasa/placa de peche) (ver ilustración 2).

-Para motores atmosféricos, entre os parafusos de fixación, entre a brida (ou a fixación brida/conducto de bolboreta) e o conduto de bolboreta (ou a fixación conducto/placa de peche) (ver ilustración 1).




Ilustración 2

Debe ser visible e poder inspeccionarse e precintarse facilmente sen a axuda de ferramentas.